

UGT-GALICIA RECLAMA APROVEITAR OS BOS DATOS DE EMPREGO PARA CULMINAR AS REFORMAS PENDENTES DO MERCADO LABORAL

O sindicato valora a caída do paro e as baixas taxas de desemprego, en mínimos, pero insiste en reducir a xornada, mellorar os salarios, reforzar a protección fronte ao despedimento e afrontar con garantías as transicións verde e dixital



Redacción.- Os datos do segundo trimestre da EPA de 2026, publicados esta semana, rexistran en Galicia un incremento da ocupación en termos anuais, do 0,6%, aínda que unha baixada en relación ao trimestre anterior, contrariamente ao que sucede no resto do Estado. Pola súa banda, o número de persoas desempregadas redúcese en 14.800 persoas durante este trimestre, ata situarse nun total de 101.100. En consecuencia, a taxa de paro sitúase no 7,9%, e sitúase no seu nivel máis baixo para un segundo trimestre desde o ano 2008. En termos interanuais, o desemprego redúcese en 5.000 persoas, un 4,7% menos.

Aínda que estes resultados son positivos, segue sendo necesario reforzar a capacidade de redución do desemprego para absorber ás máis de 100.000 persoas que continúan en paro, especialmente no caso do

desemprego de longa duración, que afecta a 35.100 persoas desempregadas. Esta cifra pon de manifesto as limitacións das actuais políticas activas de emprego, que deben mellorar o seu deseño e avaliación, e duns servizos públicos de emprego que necesitan maiores recursos e capacidades técnicas para ofrecer unha orientación personalizada e eficaz, especialmente mediante unha rede suficiente de profesionais especializados.

No que respecta á calidade do emprego, a taxa de temporalidade aumenta en 1,6 puntos durante este trimestre, ata situarse no 13,2%. Este incremento é habitual no segundo trimestre do ano como consecuencia da estacionalidade de determinadas actividades vinculadas á tempada estival. No entanto, o dato continúa situándose moi por baixo dos niveis previos á reforma laboral

de 2021 e confirma o cambio estrutural producido no mercado de traballo español. Concretamente esta taxa de temporalidade atópase 10,9 puntos por baixo da rexistrada en 2021, cando alcanzaba o 24,1%. A reforma laboral permitiu reducir de xeito substancial a temporalidade e avanzar cara un mercado de traballo máis estable, aínda que resulta necesario seguir actuando sobre as formas de precariedade que aínda persisten.

Transición verde e dixital

Precisamente, a boa marcha do mercado laboral sitúanos nas mellores condicións para acometer, con urxencia, as transicións que deben prepararnos para o mercado de traballo do futuro. Unha delas é a transición verde, que observamos estes días con especial preocupación ante

a cantidade de incendios que arrasan o noso país e que demostran ata que punto é necesario adaptar España para os efectos do cambio climático. Esta adaptación debe alcanzar tamén ao mercado de traballo, tanto na protección das persoas traballadoras fronte aos riscos climáticos como no acompañamento dos sectores e territorios afectados pola transformación ecolóxica.

Xunto a ela, a transición dixital e, en particular, a introdución da intelixencia artificial, que xa está a marcar as relacións laborais. O seu despregamento debe gobernarse con transparencia, participación sindical e negociación colectiva, de xeito que a tecnoloxía se poña ao servizo dun emprego de máis calidade e non de novas formas de precariedade ou de control inxustificable das persoas traballadoras.

Os datos da EPA mostran que a positiva evolución do emprego debe ir acompañada de novas transformacións que permitan mellorar as condicións de traballo e a calidade de vida das persoas traballadoras. Neste sentido, resulta prioritario reducir a xornada laboral máxima ata as 37,5 horas semanais, unha medida que permitiría mellorar a conciliación e o tempo de vida, alén de contribuír a unha mellor organización do traballo e a ganancias de produtividade.

Parcialidade

Así mesmo, a parcialidade continúa sendo elevada e, nunha parte moi importante dos casos, non responde a unha verdadeira elección das persoas traballadoras. Neste trimestre, a parcialidade involuntaria afecta ao 43,8% das persoas que traballan a tempo parcial, o que significa que practicamente a metade destas persoas non traballan a xornada completa porque non atopan un emprego con esas características.

Esta situación evidencia a necesidade de seguir actuando para evitar o uso fraudulento ou abusivo da contratación a tempo parcial e garantir que as persoas traballadoras poidan acceder a empregos cunha xornada suficiente para obter ingresos adecuados e desenvolver un proxecto de vida digno.

Doutra banda, a regulación do despedimento continúa sendo unha cuestión pendente en España. A protección fronte ao despedimento in-

xusto e ilegal debe garantir unha reparación adecuada e íntegra para as persoas traballadoras afectadas, en liña coa Carta Social Europea e cos pronunciamentos do Comité Europeo de Dereitos Sociais. Por iso, UGT reclama unha reforma que restableza a equidade nesta materia e garanta unha protección efectiva fronte ao despedimento improcedente.

Así mesmo, a pesar dos bos datos, subsisten problemas estruturais que non poden perderse de vista: uns salarios baixos que lastran a capacidade adquisitiva das persoas traballadoras. Por iso, é necesario impulsar un novo Acordo polo Emprego e a Negociación Colectiva que permita continuar elevando os salarios e asegurar unha distribución máis equitativa dos incrementos de marxes e beneficios empresariais. Impulsar o crecemento dos salarios resulta imprescindible se queremos que a mellora económica e do emprego chegue ao conxunto da nosa sociedade e se queremos mantela no tempo. A importancia da subida salarial faise especialmente evidente, ademais, no mercado da vivenda, onde o encarecemento dos prezos está a absorber unha parte crecente dos ingresos dos fogares traballadores.

En resumo, os datos da EPA do segundo trimestre de 2026 confirman a fortaleza do mercado laboral. Con todo, persisten desafíos estruturais que requiren dun impulso reformador adicional. A parcialidade non desexada, o desemprego de longa duración, a necesidade de seguir mellorando a protección fronte ao despedimento e a mellora dos salarios continúan sendo cuestións pendentes.

A estas prioridades debe engadirse a redución da xornada laboral máxima, unha medida fundamental para mellorar a conciliación, o tempo de vida e a calidade do emprego. E, xunto a todo iso, a boa marcha do emprego debe aproveitarse para acometer con urxencia as transicións verde e dixital —incluída a gobernanza da intelixencia artificial— que preparen ao noso país para o mercado laboral do futuro.

Radiografía da EPA en Galicia

Os datos amosan que hai en Galicia 6.500 ocupados máis con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior (un 0,6%) e, en relación ó primeiro trimestre de 2026, hai 6.100

ocupados menos, o que supón unha baixada do 0,5%.

Aínda que a EPA amosa un bo comportamento da situación laboral desta Comunidade, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 53,02%, fronte ó 59,29% do resto do Estado.

Interanualmente, o paro baixou en 5.000 persoas, o que supón o 4,7%. E, en relación ó trimestre anterior, o desemprego tamén baixou, un 12,8%, en 14.800 persoas.

Así, a taxa de paro queda en Galicia, con 101.100 persoas desempregadas, no 7,9%. No caso dos homes esta taxa é do 8,4% e do 7,5% no caso das mulleres, en ambos casos rexístranse mínimos históricos. Entre os menores de 25 anos esta sube ata o 26,9%.

Por sectores, con respecto ao trimestre anterior, a ocupación baixa en todos, excepto en servizos, no que sobe nun 0,1%, en 700 persoas. Pola contra, baixa no primario, nun 3,4%, en 2.300 persoas; na industria, nun 1,3%, en 2.500 persoas; e na construción, nun 2,5%, en 2.000 persoas.

Hai en Galicia un total de 966.200 asalariados, subindo con respecto ó trimestre anterior en 7.800 (0,8%) e ó ano soben en 6.900 (0,7%).

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que se sitúa no 13,2%. Dáse un aumento, en relación ao mesmo trimestre do ano anterior, da poboación asalariada con contrato indefinido, do 1,8%.

O que si hai que salientar é que a parcialidade segue a estar en niveis altos, do 12,8%, sendo o 43,8% da mesma de carácter involuntario, este último é un dato do Estado.

35.100 persoas paradas de longa duración. A protección social resulta imprescindible

Outro dos nubarróns da radiografía da situación do emprego en Galicia é a situación do paro de longa duración.

Das 101.100 persoas que están no desemprego, 35.100 levan máis dun ano nesta situación. Resulta evidente que o paraugas da protección social é imprescindible para que ninguén quede atrás neste país.

FOLGA NA HOSTALERÍA DA PROVINCIA DA CORUÑA O DÍA 12 ANTE O BLOQUEO DO CONVENIO

Redacción.- UGT, xunto con CCOO e CIG, convocan folga na hostalería da provincia da Coruña o día 12 de agosto.

Chégase a esta situación ante o bloqueo da negociación do convenio colectivo por parte da patronal do sector, así o explicou Juan Manuel Carreira (FeSMC).

Xa vai ano e medio da finalización do convenio e os traballadores e traballadoras están a sufrir salarios conxelados dende o 1 de xaneiro de 2025 e a isto hai que engadirlle a actitude belixerante por parte dos empresarios que insisten en recortar dereitos xa recoñecidos.

A folga vai afectar a toda a actividade relacionada coa comida, bebida lecer e descanso, é dicir, restaurantes, hoteis, bares, discotecas... Un sector que na provincia aglutina ao redor de 28.000 persoas.

Trátase dun sector altamente precarizado, con horarios complexos e salarios baixos, por exemplo, un camareiro no nivel máis alto pode ter un salario neto de 1.086 euros.

Por iso, insístease na urxencia de que a patronal se sente a negociar condicións salariais e laborais dignas e que este diálogo se afronte con seriedade e rigor, non se pode pretender dilatar no tempo o proceso para evitar pagar os atrasos, entre outras cuestións.

O día 3 de agosto están previstas asembleas de traballadores do sector na Coruña (edificio sindical), Santiago (local UGT-Galicia) e Ferrol (local da CIG). Haberá

dúas convocatorias para adaptarse aos horarios, ás 11 e ás 18 horas.

FOLGA
HOSTALARÍA
(BARES, RESTAURANTES, HOTEIS, PUBS...)
DA PROVINCIA DA CORUÑA
MÉRCORES
12 DE AGOSTO
589 DÍAS DE ECLIPSE SALARIAL.
CONVENIO ECLIPSADO NO 2024.
SÓ QUEREN ECLIPSAR DEREITOS.
CCOO, CIG, UGT, FeSMC

ACORDO NO ERTE DE ARTEIXO TELECOM

Dende UGT FICA sublíñanse as melloras en relación coa proposta inicial da empresa

Redacción.- O último día do período de negociación, o mércores, a representación dos traballadores, previa consulta en asemblea, chegou a un acordo coa dirección de Arteixo Telecom en relación co ERTE.

Dende UGT FICA sublíñan que, aínda que sería desexable no ter que chegar a adoptar esta medida, as circunstancias do mercado fixeron que as cousas chegasen a este punto e dende o Sindicato procurouse en todo momento que o ERTE fose o menos lesivo posible para os traballadores e traballadoras e intentar saír da situación actual o máis axiña posible..

Así, o ERTE aplicarase a todos os traballadores e traballadoras da

fábrica de electrónica industrial, un total de 78, cun máximo de afectación de 240 días por empregado.

Aplicarase de forma rotatoria ao longo de 318 días a partir do 17 de agosto ata o 31 de maio de 2027.

Entre as melloras acadadas con respecto ao que pretendía a empresa ao comezo da negociación, están a mellora do complemento, o mantemento das vacacións e garantías en canto ao mantemento do emprego.



Hai que lembrar que esta mesma semana, antes de pechar este acordo, os traballadores e traballadoras da fábrica de electrónica industrial concentráronse fronte á factoría.

UGT SERVICIOS PÚBLICOS IMPULSA O PROCEDEMENTO PARA APLICAR COEFICIENTES REDUTORES ÁS TRABALLADORAS DE AXUDA A DOMICILIO

Reclámase que se recoñeza a especial dureza dunha actividade esencial, altamente feminizada e sometida a importantes esixencias físicas e psicosociais

Redacción.- UGT Servicios Públicos, xunto con CCOO, iniciaron as actuacións necesarias para solicitar a aplicación de coeficientes redutores da idade de xubilación ás traballadoras e traballadores do Servizo de Axuda a Domicilio en España.

As dúas organizacións sindicais comunicaron formalmente á Asociación Estatal de Entidades de Servizos de Atención a Domicilio —ASADE— a súa intención de promover este procedemento ante a Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensións, conforme ao establecido no Real Decreto 402/2025.

UGT Servicios Públicos considera que no sector da Axuda a Domicilio concorren as condicións necesarias para estudar e recoñecer o acceso anticipado á xubilación mediante a aplicación de coeficientes redutores.

O traballo desenvolvido diariamente por estas profesionais implica unha elevada carga física, posturas forzadas, mobilización de persoas dependentes, desprazamentos continuos, exposición a riscos psicosociais e unha importante responsabilidade emocional. Todo iso prodúcese, en moitas ocasións, en condicións laborais insuficientemente recoñecidas, pese ao carácter esencial do servizo que prestan a miles de persoas maiores, dependentes e familias.

Unha iniciativa para dignificar a

axuda a domicilio

UGT Servicios Públicos e CCOO, como organizacións sindicais maioritarias e representativas do sector, continúan traballando de xeito conxunto para mellorar a calidade de vida das traballadoras, protexer a súa saúde laboral e dignificar unha profesión imprescindible para o sostemento do sistema público de coidados.

Ambos os sindicatos propuxeron a ASADE a presentación conxunta da solicitude, mediante a participación das organizacións sindicais e empresariais representativas do sector. Esta vía permitiría facilitar a tramitación, reforzar o diálogo social e avanzar cara un recoñecemento compartido das especiais condicións nas que se desenvolve esta actividade.

No caso de que a organización empresarial decida non participar, CCOO e UGT Servicios Públicos presentarán conxuntamente a solicitude para que o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións inicie o procedemento previo destinado a determinar a procedencia de anticipar a idade de xubilación no sector da Axuda a Domicilio.



Recoñecer a quen sostén os coidados

Esta iniciativa representa un paso importante para facer xustiza cun colectivo amplamente feminizado que, durante décadas, desempeñou un labor esencial sen recibir o recoñecemento social, profesional e económico que merece.

UGT Servicios Públicos e CCOO reiteran o seu compromiso coa defensa dunhas condicións laborais dignas, coa mellora da prevención de riscos laborais e co recoñecemento efectivo do desgaste físico e emocional que sofren as traballadoras ao longo da súa vida profesional.

Coidar a quen coida é unha responsabilidade colectiva. Dignificar a axuda a domicilio significa tamén garantir uns servizos públicos de calidade e unha atención digna para toda a cidadanía.

UGT LOGRA QUE A AUDIENCIA NACIONAL DECLARE NULOS OS REXISTROS DE BOLSOS E ARMARIOS DE VESTIARIOS EN H&M

Redacción.- UGT foi quen decidiu dar o paso e demandar ante os tribunais a práctica habitual de realizar rexistros de bolsos e armarios de vestiarios ao persoal de H&M, ao considerar que estas actuacións vulneraban o dereito fundamental á intimidade das persoas traballadoras.

A Xustiza dános a razón

Así, a Audiencia Nacional declarou que os controis diarios de bolsos e os rexistros de armarios de vestiario vulneran o dereito á intimidade do persoal e obriga a H&M a

cesar inmediatamente estas prácticas.

Esta sentenza supón unha importante vitoria para os dereitos das per-

soas traballadoras e demostra, unha vez máis, que a defensa sindical e a acción colectiva son ferramentas fundamentais para protexer os nosos dereitos.



A LUÍS TILVE APOIA A CANDIDATURA DE XAIME QUINTANILLA PARA O DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Redacción.- No ano 2011 a Fundación Luis Tilve deu un primeiro paso na recuperación da Memoria do alcalde socialista de Ferrol, Xaime Quintanilla Martínez, asasinado tralo Golpe de Estado de 1936, coa publicación da súa biografía, ó que seguiría, no 2013, a promoción da súa candidatura para o Día das Letras Galegas, cun acto no Consello da Cultura Galega.

Nova proposta

Dende entón non recuou nese obxectivo, que este ano da un paso máis coa presentación dunha proposta á Real Academia Galega para que tan ilustre día estea dedicado, no 2028, a un dos principais impulsores do Estatuto de Autonomía do 36 dende o socialismo galeguista, como recoñecería o propio Castella.

Real Coro de Toxos e Flores

A proposta, que encabeza o Real Coro Toxos e Flores, do que Quintanilla fora presidente e director artístico, como mostra da súa actividade no ámbito cultural, que aínda perdura, está subscrita por 20 entidades máis, ademais da Fundación, entre as que están Memoria Histórica Democrática de Ferrol, Fuco Buxán, o Ateneo Ferrolán, o Seminario Galego da Masonería, a Fundación Celso Emilio Ferreiro ou a Fundación Pablo Iglesias, entre outras.

Acompaña o escrito un informe elaborado polos autores da súa biografía, Ana Romero Masiá e Carlos Pereira Martínez, asiduos colaboradores da Fundación.

Un home polifacético

Quintanilla foi un home de múltiples facetas que non só destacou como médico e político, sempre defendendo ós máis necesitados e á clase traballadora (prestaba servizos gratuitamente no dispensario antituberculoso de Ferrol e foi fundador da asociación "Maternidade esférica", coñecida como a "Casa del niño pobre"), senón tamén como un dos referentes culturais de Galicia. Membro das Irmandades da

Fala, creou en Ferrol a editorial Cél-tiga, que foi unha grande impulsora da literatura galega, que chegaba, deste xeito, a quioscos e librarías.

Escritor de novela, teatro e articulista

Pero tamén destacou como autor, coa novela "Saudade" sobre a emigración, ou obras teatrais como "Alén", "Alma" ou "Donosiña", de temática avanzada para o seu tempo (as dúas últimas estreadas nos escenarios). A isto se suma unha longa traxectoria como articulista en numerosos xornais como "A Nosa Terra", "El Pueblo Gallego", "El Socialista", "La Democracia", "La Voz

de Galicia", "El Trabajo", "La Zarpa", "El Diario de Pontevedra", "Nós", etc., chegando a ser director ou redactor de "La República", "La Correspondencia Gallega", "El Obrero", etc. Por non falar da mencionada participación en grupos de música como "Airiños da miña terra" ou grupos de teatro como o da sociedade de "Dependientes de comercio".

Seguir traballando ao longo dos vindeiros meses

O longo dos vindeiros meses, a Fundación seguirá traballando por facer posible esta proposta e sumar novas adhesións.

Continúan os actos para recuperar a memoria da mestra represaliada María Vázquez



A Fundación Luís Tilve tamén estivo este ano fomentando a recuperación da Memoria da mestra María Vázquez, presentando a súa biografía, escrita pola investigadora Aurora Marco, e editada por Alvarellos, ou colaborando en actos relacionados coa súa figura, como o que tivo lugar este martes 28 no Museo Manuel Torres de Marín, organizado pola Asociación pola Recuperación Histórica de Marín, que contou coa intervención do secretario da Fundación, Roxelio Pérez Poza, que abordou o papel dos mestres e mestras durante a II República, especialmente dende a FETE-UGT, á que pertencía María Vázquez, chegando a ocupar cargos orgánicos, ó igual que no PSOE, sendo cofundadora da Agrupación Socialista de Miño.

Acompañando a autora da obra "María Vázquez, unha mestra eliminada polo franquismo", tamén interviñeron a presidenta da asociación memorialista de Marín, Queta Molas, filla de Eduardo Otero Molas, uxetista represaliado, e Mabel Santiago.

En palabras da autora, María Vázquez, formou a unha xeración de alumnas para "que fosen mulleres independentes e que actuasen por si mesmas", ata que "Resoaron na noite os disparos que acabaron coa vida dunha mestra vocacional, dunha renovadora pedagóxica, dunha muller progresista, militante socialista, afervorada defensora dos dereitos femininos".

UGT VALORA OS AVANCES LOGRADOS COA SEGURIDADE SOCIAL PARA MELLORAR A APLICACIÓN DA XUBILACIÓN ANTICIPADA DE BOMBEIROS/AS FORESTAIS, AXENTES FORESTAIS E MEDIOAMBIENTAIS, BOMBEIROS/AS DE SPEIS E POLICÍAS LOCAIS

Redacción.- Tras a nota de prensa emitida por UGT Confederal e UGT Servizos Públicos, na que denunciabamos a cancelación unilateral, sen nova data, da reunión comprometida polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións para abordar a aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación de bombeiros/as forestais, axentes forestais e medioambientais, bombeiros/as dos Servizos de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) e policía locais, queremos informar de que, finalmente, o Ministerio trasladou unha nova convocatoria e a reunión puido celebrarse na tarde do mércores..

Durante o encontro aborouse, tanto de xeito individualizado como conxunto, a problemática que afecta a cada un dos colectivos incluídos no ámbito de aplicación dos coeficientes redutores da idade de xubilación. A reunión desenvolveuse nun clima de traballo construtivo e permitiu avanzar en solucións concretas para resolver as incidencias que veñen producíndose na aplicación da normativa vixente, alcanzándose importantes compromisos por parte da Dirección Xeral.

Entre os principais acordos e compromisos adquiridos destacan:

- Trasladar ao Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) a necesidade de emitir instrucións dirixidas a todas as direccións provinciais para garantir unha interpretación homoxénea e correcta do real decreto regulador dos coeficientes redutores aplicables aos axentes forestais e medioambientais e aos bombeiros/as forestais na tramitación dos expedientes de xubilación.
- Emitir criterios de xestión que dean cumprimento á xurisprudencia do Tribunal Supremo, eliminando a esixencia de atoparse en activo ou desempeñando o posto beneficiario de coeficientes redutores no momento de solicitar a xubilación, garantindo así a correcta aplicación das sentenzas existentes.
- Incorporar unha modificación nunha norma de rango regulamenta-



rio que permita acumular os períodos sobrecontizados correspondentes a distintas profesións que contan con coeficientes redutores da idade de xubilación, posibilitando o cómputo conxunto do tempo traballado en diferentes colectivos, como bombeiros/as forestais e axentes forestais e medioambientais; policía locais e bombeiros/as de SPEIS; ou bombeiros/as forestais e bombeiros/as de SPEIS.

- Estudar a situación da sobrecontización do persoal interino, especialmente naqueles supostos nos que a normativa non limita expresamente este dereito ao persoal funcionario de carreira. A Dirección Xeral comprometeuse a buscar unha solución mediante criterios de xestión e, se fose necesario, promover as modificacións normativas oportunas.

- Analizar a posibilidade de computar o tempo de redución derivado da sobrecontización como tempo efectivamente traballado a efectos do cálculo da idade ordinaria de xubilación.

- Impulsar a regularización da sobrecontización con efectos retroactivos. A Dirección Xeral manifestou a súa vontade de desenvolver unha orde que permita recoñecer esta obrigação para quen, tendo dereito a sobrecontizar desde a entrada en vigor da súa normativa específica, non puidesen facelo.

UGT Confederal e UGT Servizos Públicos valoran moi positivamente a disposición mostrada pola directora xeral, Marta Morano Larragueta, e

por todo o seu equipo técnico, así como a súa vontade de avanzar en solucións que acheguen seguridade xurídica e garantan unha aplicación homoxénea dos coeficientes redutores para todos os colectivos afectados.

No entanto, durante a reunión quedou de manifesto que permanecen abertas diversas cuestións técnicas cuxa resolución require a participación directa do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), especialmente no relativo á aplicación práctica dos criterios de xestión e á unificación da interpretación que realizan as distintas direccións provinciais.

Por este motivo, UGT Confederal e UGT Servizos Públicos solicitarán a celebración dunha nova reunión co INSS a principios do próximo mes de setembro, co obxectivo de continuar desenvolvendo os acordos alcanzados, concretar as instrucións de aplicación e culminar os traballos pendentes que permitan ofrecer unha resposta homoxénea, segura e eficaz a todos os colectivos afectados.

UGT Confederal e UGT Servizos Públicos continuarán traballando de forma coordinada e firme en defensa dos dereitos de bombeiros/as forestais, axentes forestais e medioambientais, bombeiros/as dos Servizos de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) e policía locais ata lograr o pleno recoñecemento e a correcta aplicación dos seus dereitos en materia de xubilación anticipada mediante coeficientes redutores.

UGT VALORA POSITIVAMENTE O REAL DECRETO-LEI DE MEDIDAS URGENTES DE PROTECCIÓN LABORAL E SOCIAL FROTE AOS INCENDIOS FORESTAIS, FROITO DO DIÁLOGO SOCIAL

A norma sitúa a protección das persoas traballadoras no centro da resposta pública ante a emerxencia de interese nacional declarada como consecuencia dos incendios

Redacción.- UGT e CCOO valoran positivamente a aprobación polo Consello de Ministros da Real Decreto-lei polo que se establecen medidas urgentes de protección laboral e social fronte aos incendios forestais. Trátase dunha norma froito do diálogo social, que dá resposta ás propostas trasladadas por ambas as organizacións sindicais e que sitúa a protección das persoas traballadoras no centro da resposta pública ante a emerxencia de interese nacional declarada como consecuencia dos incendios.

En virtude deste texto, as persoas traballadoras, xa sexan asalariadas ou autónomas, que sufriron graves perdas polos incendios forestais —a perda ou a deterioración da súa vivenda, evacuacións, restricións de acceso ou confinamentos— van dispoñer dun novo dereito que lles permitirá suspender o seu contrato de traballo, ata un máximo de catro meses, percibindo durante ese tempo unha prestación pública de contía similar á prestación contributiva por desemprego. Esta prestación extraordinaria por emerxencia extrema non esixirá período mínimo de cotización e, moi importante, non consumirá desemprego: o tempo de percepción non supoñerá, a ningún efecto, o consumo das cotizacións previamente efectuadas. Deste xeito, as persoas afectadas poderán dedicarse a paliar os efectos dos incendios nas súas vidas —recuperar os seus afeños, acondicionar as súas vivendas, realizar os trámites imprescindibles ou atender o coidado dos seus familiares— sen perder o seu emprego nin a súa protección social.

Superada a situación de emerxencia, as persoas traballadoras reintegraranse aos seus postos de traballo nas mesmas condicións, sen que poidan sufrir represalia algunha polo exercicio deste dereito: a norma cualifica expresamente como nula calquera medida desfavorable derivada do seu exercicio e garante a súa tutela xudicial polo procedemento preferente propio dos dereitos de conciliación.

As persoas traballadoras autónomas afectadas poderán acceder á prestación por cesamento de actividade sen necesidade de acreditar a forza maior, dándose por cumprido o período mínimo de cotización, e sen que a súa percepción consuma os períodos máximos da pres-



tación ordinaria.

As empresas, ademais, desfrutarán dunha exención do cento por cento da cotización empresarial correspondente ás persoas traballadoras co contrato suspenso, o que facilita a aplicación da medida sen trasladar custos a un tecido produtivo tamén golpeado pola catástrofe.

Esta medida estende os dereitos das persoas traballadoras que sofren os efectos do cambio climático, incorporando a dimensión laboral á resposta integral que os poderes públicos deben ofrecer ante as catástrofes climáticas, na liña que CCOO e UGT veñen reclamando.

Ambos os sindicatos sinalan que, cos datos de emprego coñecidos esta semana —unha ocupación en máximos históricos, con 22,78 millóns de persoas ocupadas, e unha taxa de paro do 9,87%, a máis baixa desde 2008—, é hora de adaptar o mercado de traballo ás consecuencias do cambio climático. Un mercado laboral forte debe ser tamén un mercado laboral protexido fronte a uns fenómenos extremos que se repiten e agravan cada ano.

Por iso, UGT e CCOO observan con gran preocupación a diminución das dotacións de bombeiros e bombeiras forestais que dependen das Comunidades Autónomas, ao mesmo tempo que se

empeoran as súas condicións laborais e incrementase, verán tras verán, o número e a gravidade dos incendios que arrasan o noso país. Non é coherente reforzar os dereitos das persoas afectadas polos incendios mentres se debilita a quen os combate en primeira liña. Ambas as organizacións esixen ás Comunidades Autónomas dotacións suficientes, estabilidade no emprego e condicións laborais dignas para os servizos de prevención e extinción de incendios forestais durante todo o ano.

Así mesmo, deberíase seguir impulsando medidas para facer fronte ao cambio climático adaptando as condicións de traballo e do tecido produtivo, fronte a esta maior frecuencia dos fenómenos meteorolóxicos adversos como incendios e ondas de calor, entre outros. É por tanto, necesario establecer medidas de protección e financiamento acorde ao carácter estrutural destas catástrofes. Por iso CCOO e UGT consideramos que o Pacto de Estado ante a emerxencia climática é unha iniciativa que se ten que retomar, e á que fixemos as nosas achegas xunto co resto dos axentes económicos e sociedade civil. É necesario avanzar nun compromiso común contra os efectos do cambio climático polo que facemos un chamamento a todos os grupos parlamentarios e Comunidades Autónomas a afrontar estes retos unha vez superada a situación de emerxencia actual.

UGT RECLAMA A CONVOCATORIA INMEDIATA DA MESA DO DIÁLOGO SOCIAL PARA ADAPTAR O SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL A ESTA NOVA SITUACIÓN EXISTENTE

Tras coñecerse os datos do IPC adiantado do mes de xullo, o sindicato incide na subida salarial do 4% para o período 2026-2028 e reclama a actualización do SMI

Redacción.- Os datos adiantados do IPC correspondentes ao mes de xullo, publicados esta semana polo INE, sitúan a inflación anual no 3,5%, tres décimas por encima da rexistrada en xuño, alcanzando o nivel máis elevado desde maio de 2024 (3,6%). O maior encarecemento da electricidade e os combustibles respecto ao rexistrado hai un ano presiona á alza a taxa xeral de inflación.

En calquera caso, as perspectivas de inflación continúan suxeitas a un elevado grao de incerteza. O repunte rexistrado en xullo pon de manifesto que as presións inflacionistas seguen presentes, especialmente nos compoñentes enerxéticos. Se persisten as tensións xeopolíticas en Oriente Próximo e o seu impacto sobre os mercados enerxéticos, a inflación podería manterse en niveis relativamente elevados durante a segunda metade do ano e mesmo experimentar novos repuntes, tal e como apuntan distintos organismos de referencia, entre eles, o Banco de España.

Pola súa banda, a taxa de inflación subxacente, que exclúe os compoñentes máis volátiles e constitúe un mellor indicador da evolución estrutural dos prezos, aumenta unha décima, ata o 3%. Aínda que este nivel continúa sendo relativamente elevado, o incremento rexistrado é moderado e, por si só, non permite concluír que o recente encarecemento da enerxía estea a xerar efectos de segunda rolda de carácter xeneralizado sobre o conxunto de bens e servizos que integran a inflación subxacente, incluídos os alimentos elaborados.

No entanto, resulta necesario realizar un seguimento continuo da evolución dos prezos e avaliar a eficacia das medidas anticrise adoptadas ata o momento, incorporando novas actuacións ou reactivando aquelas cuxa vixencia finalizase se a evolución da inflación así o require. En particular, convén manter a capacidade de resposta mediante medidas dirixidas a amortecer o impacto do encarecemento da enerxía, especialmente se persiste a volatilidade nos mercados enerxéticos. A persistencia destes riscos fai especialmente necesario refor-

zar a protección dos fogares máis vulnerables, que son os que destina unha maior proporción da súa renda para cubrir necesidades básicas e, por tanto, quenes soportan con maior intensidade o impacto da inflación.

Neste contexto, o incerto panorama xeopolítico actual segue representando unha ameaza para o desempeño económico e a evolución dos prezos, cun impacto directo sobre o poder de compra das persoas traballadoras. Neste sentido, por cuarto mes consecutivo, a taxa xeral de inflación (3,5%) supera o incremento salarial medio en convenio (3,01% ata xuño), aínda que os incrementos pactados nos convenios asinados este ano recollen unha subida do 3,87%, en liña coa petición dos sindicatos para este 2026 na súa plataforma para a negociación do próximo AENC.

Así, tornouse urxente acometer a negociación do VI AENC, que debe servir para garantir o mantemento do poder adquisitivo das persoas traballadoras e avanzar na redución das brechas salariais entre sectores. UGT defende que o acordo incorpore unha referencia mínima de incremento salarial do 4% anual para o período 2026-2028, complementada con aumentos adicionais dun 1%, 2% ou 3% en función da diferenza existente entre o salario medio do convenio e o salario medio do país. Así mesmo, resulta imprescindible evitar o recurso a cláusulas de absorción e compensación que limiten a efectividade das subidas pactadas, así como a xeneralización das cláusulas de garantía salarial.

Estas demandas cobran aínda maior relevancia ante o persistente encarecemento da vivenda, que segue deteriorando a capacidade adquisitiva



dos salarios, especialmente en grandes cidades. Segundo o INE, o prezo da vivenda aumentou un 12,9% no primeiro trimestre do ano -último dato dispoñible- e acumula xa seis trimestres consecutivos con incrementos anuais de dous díxitos. Polo tanto, alén de ampliar de forma decidida o parque público e alcanzable de vivenda medio e longo prazo, resulta imprescindible aplicar medidas con efectos inmediatos que contribúan a conter a escalada dos prezos, como a limitación do prezo máximo dos alugueiros en zonas tensionadas.

Do mesmo xeito, é necesario seguir reforzando as rendas das persoas traballadoras con menores ingresos mediante novas subidas do Salario Mínimo Interprofesional, que debe continuar actualizándose para preservar a súa capacidade adquisitiva fronte a unha inflación condicionada por factores externos e ao intenso encarecemento da vivenda, reducindo así a desigualdade e sostendo a demanda interna. Tendo en conta a inflación xa coñecida e a subida do 3,1% pactada para 2026, debe operar a cláusula prevista no art. 27 ET, que permite revisar o SMI cada seis meses cando falla a previsión do IPC. Por iso, UGT reclama a convocatoria inmediata da mesa do diálogo social para adaptar o Salario Mínimo Interprofesional a esta nova situación: a lei preveo e as persoas traballadoras non poden esperar.